O Consello da Xunta autorizou, a mediados do pasado mes de xuño, a renovación do convenio de colaboración entre Sogama e a Deputación de Ourense co fin de que as 11 microplantas para a transferencia de residuos urbanos que operan na actualidade na provincia continúen a ser xestionadas de forma sustentable, é dicir, coa máxima eficiencia e o menor custo económico.

A través deste acordo, cunha vixencia de catro anos desde o pasado 1 de xullo e un orzamento dun millón de euros, xestionaranse preto de 47.000 toneladas anuais de lixo. A Deputación, propietaria das instalacións, achegará o persoal, mentres que Sogama se encargará do transporte dos residuos transferidos nelas ata o Complexo Medioambiental de Cerceda para o seu tratamento.



En concreto, as microplantas están situadas no Carballiño, O Ribeiro, Terra de Celanova, A Limia, Monterrei, Santa Águeda, Ourense, Navea-Bibeí, Baixa Limia, Conxo-As Frieiras e Viana do Bolo, que garanten o servizo a 76 concellos

da provincia e unha poboación estimada de 180.000 veciños.

Alén do convenio, cómpre lembrar que a Xunta, a través de Sogama, porá en marcha unha planta de biorresiduos en Verín e habilitará dúas plantas de transferencia en Ourense e na Rúa. ●

A nova convocatoria do Plan Proxecta+ reforza o seu compromiso coa consecución dos ODS

“Recíclate con Sogama” é un dos programas integrados nesta convocatoria co obxectivo de colaborar na transición ecolóxica desde os centros escolares

A nova edición do Plan Proxecta+, orientada aos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, fai aínda máis visible o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis sostible e inclusiva desde o ámbito educativo.

Desde este curso 2021-2022, a convocatoria continúa ofertando programas que favorecen a innovación e fomentan o traballo colaborativo, interdisciplinar, competencial e en rede, pero que, ademais, están comprometidos coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, fomentando o papel activo do alumnado ante os desafíos, tanto sociais como económicos e ambientais, actuais e futuros.

Este compromiso representa tamén un chanzo máis na súa contribución á mellora da calidade educativa, e



proxecta+

O Plan Proxecta+ tamén actualizou a súa imaxe.

de aí o cambio de denominación: de Plan Proxecta a Plan Proxecta+.

En concreto, un dos aspectos clave nos que incide o Plan Proxecta+ é a transición ecolóxica, temática na que se enmarca o programa “Recíclate con Sogama”, que ten como obxectivo promover a recollida selectiva dos distintos residuos xerados nas aulas e o seu posterior depósito nos contedores correspondentes para propiciar a súa reciclaxe, así como o traslado das boas prácticas á contorna familiar.

Prazos Plan Proxecta+

Finalizada a presentación de candidaturas o pasado 16 de setembro, o seguinte paso é avaliar as solicitudes segundo os criterios establecidos por cada programa. Tras a publicación da resolución provisional, abrírase un prazo de 5 días hábiles para que os centros poidan efectuar reclamacións ou renuncias. Tras a valoración das mesmas, adoptárase a resolución definitiva. ●

Dous colexios de Vigo e un de Lugo acadan os primeiros premios no "Recíclate con Sogama" 2020-2021

Pola súa banda, o colexio "Divina Pastora-MM Franciscanas" de Ourense fíxose co segundo galardón



Alumnado dos centros gañadores de Vigo, Xove e Ourense posando cos seus diplomas.

Alumnos do CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro de Vigo e do CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove (Lugo) acadaron os primeiros premios do concurso do "Recíclate con Sogama" 2020-2021. Xunto co diploma de recoñecemento, cada centro recibiu un galardón dotado cunha achega de 1.000 euros para a adquisición de material didáctico ou o desenvolvemento de accións educativas.

O concurso, promovido por Sogama e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, tiña por obxecto a elaboración dun cartel orientado a promover a reciclaxe na nosa comunidade. O xurado, conformado por representantes de ambas as dúas entidades, rexeuse por unha serie de criterios á hora de valorar as candidaturas: calidade do traballo, creatividade e orixinalidade, mensaxe ambiental para lograr un impacto positivo na concienciación da poboación, así como a claridade na redacción do texto descriptivo para facilitar a súa comprensión.

Pintor Laxeiro fíxose co primeiro premio nas categorías de 1º e 2º ciclo

de primaria, presentando en ambos os dous casos carteis baixo o título "Reciclar é o camiño". Os de primeiro ciclo pretendían transmitir que o camiño para que a Terra non perda a súa vida e colorido é a reciclaxe, e para percorrer ese camiño hai que subir banzos, que representan aos distintos contedores. Os de segundo ciclo seguiron esta mesma liña a través dun mural que representa ao planeta emerxendo de entre unha serie de círculos de cores que tamén simbolizan os diferentes contedores.

Co seu cartel, os escolares de 6º de primaria do centro lucense de Xove pretendían transmitir que calquera cidadán pode contribuír a conservar e mellorar o medio ambiente se ten vontade para facelo. E esta é, ao seu xuízo, a chave que permite abrir o cadeado, que non é outro que as dificultades, a comodidade, os temores, ... Consideran que, cun simple xesto como é separar os residuos por tipoloxías e depositalos nos contedores correspondentes, estaremos a axudar a protexer a contorna e, por tanto, a nosa saúde. Urxen a

propiciar o cambio antes de que sexa demasiado tarde. Culminaron o seu relato cunha mensaxe clara: "Ti tes o poder de decidir, ti tes a chave do cambio. Anímaste?".

Segundo premio

Na categoría de 3º ciclo de primaria, tamén resultaron gañadores os traballos "Recicla para salvar o medio ambiente", cartel de 6º de primaria do colexio "Divina Pastora-MM Franciscanas" de Ourense (segundo posto) e "Ecolaxeiros, construíndo camiños", do CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro de Vigo (terceiro posto). En ambos casos, a dotación económica de 600 e 300 euros destinará tamén á adquisición de material didáctico para o centro ou ben a investimentos en recursos educativos.

Ata o de agora levan participado en "Recíclate con Sogama" da orde de 130 centros educativos e moitos deles quixeron repetir a experiencia en cursos posteriores, como é o caso do colexio Divina Pastora. O número de escolares atendidos por este programa superan xa os 38.000. ●

Máis de 17.000 composteiros repartidos por Galicia

Entre concellos, centros educativos e colectivos sociais



As boas cifras respaldan o éxito do programa de compostaxe doméstica de Sogama. A día de hoxe, a empresa pública leva repartidos, de forma gratuita, máis de 17.000 composteiros entre 402 entidades: 204 concellos, 135 centros educativos e 24 colectivos sociais.

Outro dato positivo que dá conta da boa acollida desta iniciativa é que as ampliacións do programa a máis vivendas particulares ou as novas adhesións non deixan de aumentar mes a mes. Só no verán pasado, concellos que xa formaban parte do programa como Carballo, Cerceda, Ponteceso, Cee, Miño, Pontedeume, Vimianzo, Malpica, Meaño, Salvaterra do Miño, Pazos de Borbén, Arbo e Castro de Rei sumaron máis veciños cun composteiro cedido por Sogama na súa horta ou xardín.

Tamén houbo novas adhesións por toda Galicia como os municipios da Capela, Mañón, Monfero, Dozón, Gondomar, Santa Comba, A Baña, Castroverde e a Federación de Asociacións Veciñais "Lucus Augusti".

Nexo común

Todos os novos usuarios entenden e comparten as vantaxes medioambientais, sociais e económicas da compostaxe doméstica. Dado que a materia orgánica representa de arredor do 42% da composición media dunha bolsa de lixo tipo, se esta se recicla en orixe, evítase o seu depósito no contedor verde convencional, podendo diminuír os concellos a frecuencia de recollida e transporte, co conseguinte aforro de emisións de CO₂ á atmosfera, así como minorar

os custos económicos ao rebaxar as cantidades de refugallos que deben recibir tratamento finalista en planta.

Ademais de subministrar os recipientes, Sogama encárgase de editar o material didáctico de apoio como a guía didáctica que recibe cada familia durante os cursos de formación para que poidan utilizalas como material de apoio, así como toda a información da web www.compostaconsogama.gal, a través da que se pode acceder a distintos recursos divulgativos (vídeos, cuñas, xogos, etc).

Cabe recordar que a compostaxe é unha práctica tradicional de Galicia que dá unha segunda vida aos residuos orgánicos transformándoos nun abono natural de alta calidade que regresa ao solo en forma de nutriente. ●

Varias visitas institucionais confirman o liderado de Sogama como referente na xestión circular dos residuos

Ademais de reunións técnicas, todos os grupos percorreron as plantas do Complexo Medioambiental de Cerceda

A axenda de visitas institucionais de Sogama completouse nos pasados meses coas de Recyclia e da Fundación Ecomar, a dunha delegación do goberno rexional de Murcia, a da Deputación de Huelva e a do Consorcio para el Tratamiento de Residuos Urbanos del Maresme (Mataró-Barcelona).

En todos os casos, puideron coñecer en primeira persoa a actividade desenvolvida por Sogama na xestión sostible dos residuos urbanos da meirande parte de Galicia desde 1992, así como a evolución da súa infraestrutura industrial ata converter o Complexo Medioambiental de Cerceda nunha instalación punteira no sector a nivel europeo e internacional.

No caso de Recyclia e de Ecomar, acudiron o conselleiro delegado, José Pérez García, e a presidenta, Theresa Zabell, respectivamente, así como Gonzalo Torralbo, secretario do Padroado Fundación Ecopilas, unha das entidades integradas en Ecopilas.

A comitiva murciana estivo formada polo director xeral de Medio Ambiente, o xefe de servizo de Xestión e Disciplina Ambiental e a xefa de servizo de apoio técnico á Dirección Xeral da Auga. Pola súa banda, a presidenta da Deputación Provincial de Huelva, María Eugenia Limón Bay, acudiu a Cerceda xunto con varios membros do seu equipo.

O Consorcio para o Tratamiento de Residuos Urbanos do Maresme, estivo liderado polo seu director, Carles Salesa.

Anfitrións

En todos os casos, o presidente, Javier Domínguez, e o director xeral de Sogama, Isidro García, foron os anfitrións das visitas, estando acompañados por representantes



Visita de Recyclia e Fundación Ecomar, así como da Deputación de Huelva (arriba), e do goberno rexional de Murcia e Consorcio para o Tratamiento de Residuos Urbanos do Maresme -Mataró- (abaixo).

do goberno galego como é o caso da directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia, Sagrario Pérez-Castellanos, ou Cristina Carrión Rodríguez, xefa territorial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente.

Tras unha primeira reunión técnica, os grupos percorreron as plantas que conforman o Complexo industrial para comprobar de primeira man o seu funcionamento

e, no caso da delegación de Murcia, incluso se desprazaron ata o vertedoiro de Areosa.

Tal e como manifestou o presidente de Sogama “este tipo de visitas enriquecénnos e dándonos unha visión máis global do problema que representan os residuos, coa particularidade de que só desde a colaboración e o intercambio de experiencias seremos capaces de seguir avanzando cara á sostibilidade”. ●

Multimedia

Volta á escola!

Tras o merecido descanso estival para todos os estudantes, a web do Caderno Verde tamén se volve poñer en marcha para recuperar o pulso académico e converterse, outro ano máis, en recurso educativo de referencia en valores ambientais.

Igual que o alumnado de Primaria de toda Galicia, Vito, Lilia e Lucas –personaxes do Caderno Verde- volven sentarse nos pupitres e facer plans para o curso que temos por diante! ●



[Mira o vídeo do Caderno Verde](#)

Visita 2.0 ao Complexo Medioambiental de Cerceda

A pesar de que as restricións sanitarias continúan limitando as visitas de veciños e estudantes ao Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda, a empresa pública dispón de numerosos recursos 2.0 para que, todo aquel que queira, poida coñecer o seu labor e instalacións a través das novas tecnoloxías.

Desde a web da entidade, ou directamente clicando na seguinte ligazón, pódese ver un completo vídeo no que se explica de forma moi amena e didáctica como se foi artellando a infraestrutura industrial e as fases polas que pasa o tratamento dos residuos producidos por máis de 2,2 millóns de galegos. ●



[Acceder á visita guiada ao Complexo Medioambiental de Cerceda](#)

Peter Rabbit “ficha” polo equipo das Nacións Unidas

Peter Rabbit, a famosa personaxe de contos infantís ideada pola escritora inglesa Beatrix Potter, vén de sumarse ao cometido da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), e da Fundación das Nacións Unidas, para converterse nun “heroe da alimentación”.

A entidade internacional quere que os máis cativos valoren a importancia de levar unha dieta equilibrada e a necesidade de vivir nun planeta máis saudable a través dos ollos deste famoso, e traste, coello.

Neste vídeo podes ver un avance das aventuras de Peter Rabbit e tamén seguir os consellos da FAO na súa web e redes sociais.

Xa sabes! Come máis froitas e verduras, reduce o desperdicio alimentario, compra alimentos cultivados localmente ou cultívaos na túa horta, se tes a oportunidade. ●



[Mira as aventuras de Peter Rabbit](#)

[Volver á portada](#)

17

Eventos

Encontro en Navarra sobre o labor das sociedades públicas en favor do desenvolvemento territorial

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, foi convidado polo Goberno de Navarra a participar no "I Encontro Estatal de Corporacións Públicas Empresariais", organizado por CPEN (Corporación Pública Empresarial de Navarra).

Nesta xornada déronse cita representantes institucionais e empresariais do ámbito público de sete comunidades autónomas, así como do sector público estatal, para compartir e analizar as súas experiencias en favor do desenvolvemento territorial e social desde distintas perspectivas.

A intervención de Javier Domínguez tivo lugar na sesión dedicada a exemplos de boas prácticas empresariais de carácter público, compartindo mesa co director de operacións de Correos, Eduardo Herrera; o director xerente de Nasuvinsa (sociedade pública de vivenda e urbanismo do Goberno de



Navarra), Alberto Bayona; e a directora xerente de Tracasa Instrumental (empresa pública de Navarra especializada na prestación de servizos no uso de información territorial e das tecnoloxías da información), Mar González. ●

A cociña profesional marida sostibilidade e gastronomía para reducir a pegada ambiental

Tanto desde a cociña das nosas casas como desde os fogóns dos profesionais, todos podemos contribuír a reducir o desperdicio alimentario (7,7 millóns de toneladas cada ano en España) para saír da lista dos primeiros dez países (España é o sétimo) da Unión Europea que máis comida tira ao cubo do lixo sen consumir.

O pasado 13 de setembro, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, acompañada polo presidente de Sogama, Javier Domínguez, puxo como exemplo de boas prácticas o día a día e o traballo do restaurante Pepe Vieira, comprometido co medio ambiente tal e como o acredita a Estrela verde Michelin.

O propio Pepe Vieira explicou que no seu establecemento trabállase no eido da sostibilidade apoiándose en dous vectores. Primeiro "pechando o círculo da materia" e aproveitando os



residuos orgánicos para facer abono, en composteiros cedidos por Sogama, que despois serve de materia prima para a horta. Segundo, apostando pola relación de proximidade e de convivencia con todos os elementos da contorna máis próxima.

É preciso recordar que un 18% dos alimentos que se mercan acaban no lixo sen cociñar. Son 175 quilos de comida por persoa ao ano que precisan de 130 litros de auga diarios para producilos polo que, cando se tira comida, non só se desperdicia un alimento, senón tamén os recursos empregados na súa produción: enerxía, combustible,... En definitiva, un consumo responsable reduce a nosa pegada ecolóxica. ●

Eventos

Xornada de Feuga no marco da Green Week 2021

O director xeral de Sogama, Isidro García Téllez, participou na xornada virtual "Zero pollution society: citizens & industry to climb on a circular strategy" (Unha sociedade sen contaminación: cidadáns e industria apostando pola economía circular), promovida por Feuga (Fundación Empresa Universidade Galega) no marco da EU Green Week.

Varios dos temas troncais tratados foron as formas de xestión dos residuos por sectores, a transición cara a un modelo de economía circular e os retos dos proxectos de innovación para a súa implantación e transferencia á sociedade.

A intervención de García Téllez enmarcouse no primeiro bloque da xornada denominado "Xestión de residuos e economía circular. Perspectivas desde diferentes sectores", compartindo panel con Leticia Regueiro, responsable de Sostibilidade e Economía Circular en Anfacco-Cecopesca; Miguel A. Tubío, director técnico de Adegas Martín Códax; e Carolina Ibáñez, xerente de Desenvolvemento Ambiental de Repsol. ●



Sesión formativa na Asociación Anxiños da Baña

Educadores de Sogama desprazáronse ao municipio coruñés da Baña para impartir unha sesión formativa na sede de Anxiños, unha asociación sen ánimo de lucro que atende, de forma integral, a nenos e adolescentes con trastornos mentais. Na newsletter deste mes entrevistamos á súa presidenta, [Ruth Gómez Vázquez](#), para coñecer polo miúdo á entidade e a súa filosofía pedagóxica.

Dado o grande interese desta organización en conectar os usuarios coa natureza e facelos partícipes na protección da mesma, Anxiños solicitou a colaboración de Sogama e da

Xunta para que os rapaces puidesen coñecer a problemática da elevada xeración de residuos e a forma correcta de xestión para evitar o seu negativo impacto sobre a contorna. Así mesmo, e dado que contan con servizo de comedor e terreo, Sogama proporcionoulle á entidade un composteiro con capacidade para 400 litros.

Dada a dimensión educativa, ambiental e social desta xornada, o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e a xefa territorial de Medio Ambiente da Coruña, Cristina Carrión Rodríguez, quixeron acompañar ao equipo de Sogama para mostrar o seu apoio a unha causa tan noble e entregar diverso material promocional aos usuarios. ●



Cita con Recuwaste 2021 a finais de outubro

Tras o parón obrigado pola Covid, Recuwaste, o congreso de referencia a nivel internacional sobre a xestión dos recursos e os residuos prepara a edición 2021 baixo o lema "A (R)evolución dos recursos".

Organizado polo Consorcio de Residuos do Maresme terá lugar os próximos 26 e 27 de outubro (martes e mércores) no Tecnocampus de Mataró. Durante dúas completas xornadas abordaranse os cambios na produción e no consumo enmarcados na economía circular, que transformarán *de facto* o sector dos residuos e esixirán a todos os actores,

desde administracións ata organizacións e consumidores, modificar a súa forma de pensar, traballar e actuar.

Para isto, contarase coa participación de relatores de recoñecido prestixio a nivel mundial que compartirán experiencias pioneiras para propiciar a reflexión e identificar as oportunidades e os cambios a materializar baixo o prisma da sostibilidade. Precisamente, a xestión intelixente dos recursos e a sostibilidade poden ser ferramentas de peso na reactivación económica.

As sesións complementarase cunha exposición de maquinaria innovadora e unha visita guiada ao Centro Integral de Valorización de Residuos do Maresme.

Máis información na súa web www.recuwaste.com. ●



Récord de reciclaxe de envases de aceiro en Europa

Segundo os últimos datos feitos públicos por APEAL, a asociación que integra aos fabricantes europeos de aceiro para envases, a reciclaxe en Europa alcanzou en 2019 un novo máximo histórico do 84%, un 1,5% máis que o exercicio anterior, sendo tamén o noveno ano consecutivo de aumento da taxa global.

Desde APEAL argumentan que “estes bos resultados poñen de manifesto que o aceiro é unha das solucións de envasado máis sostibles que existen” xa que “é un material circular por natureza”. As súas propiedades magnéticas fan que sexa fácil de recoller en calquera fluxo de residuos e pode reciclarse unha e outra vez sen perder calidade. Con todo, a entidade considera que aínda se pode facer máis e, recentemente, anunciou a súa folla de ruta ata 2025: “Cero envases de aceiro nos vertedoiros”.




Fonte: APEAL
Imaxe: Pexels

A recollida de RAEE e pilas resiste o parón da pandemia

Malia as restricións á mobilidade e o descenso da actividade comercial e produtiva como consecuencia da crise sanitaria, a reciclaxe de residuos electrónicos (RAEE) e de pilas en España resistiu a ralentización imposta pola Covid-19 en 2020. De feito, Recyclia, entidade que administra catro fundacións ambientais (Ecopilas, Tragatóner/Tragatinta, Ecofimática e Ecolum), xestionou o ano pasado 59.154 toneladas destas dúas tipoloxías.

Destaca o crecemento, nun 329%, do volume de paneis solares reciclados, ata alcanzar as 481 toneladas en 2020. Neste sentido, cabe lembrar que a súa reciclaxe é obrigatoria desde 2015, cando foron considerados legalmente residuos electrónicos.

A recollida de pilas e baterías, tanto de tipo doméstico, como industrial e de automoción, tamén alcanzou un récord a través da fundación Ecopilas, ocupando, segundo a asociación europea Eucobat, o quinto posto entre os sistemas colectivos de xestión destes residuos de Europa.



Fonte: Recyclia
Imaxe: Pexels

España cumpre cinco anos antes a directiva europea de reciclaxe de aluminio

Grazas ao esforzo dos cidadáns que cada día depositan máis envases de aluminio no contedor amarelo e á optimización das plantas de selección, xa se puido alcanzar o obxectivo da Directiva Europea 2018/852 de reciclar o 50% dos envases de aluminio antes de 2025.

O ano pasado, España reciclou 64.287 toneladas de envases de aluminio, un 21% máis respecto do ano anterior, a través de distintos fluxos como son as plantas de selección, as plantas de residuos urbanos, as recollidas complementarias e os xestores de residuos tradicionais.

A taxa de reciclaxe foi do 52,1%, xa que se puxeron no mercado 123.449 toneladas de envases de aluminio. E, se se suman as toneladas procedentes doutras valorizacións (2.329), obtense unha taxa total de valorización do 54%.

Todo o aluminio que se recupera, recíclase, constituíndo unha excelente materia prima, xa que no proceso de reciclaxe non cambian as súas propiedades. De feito, o 75% de todo o aluminio que se fabricou desde hai 100 anos atópase actualmente en uso.

Máis información en <http://www.aluminio.org>.



Fonte: Arpal

“Orgullo” por separar os residuos domésticos na casa

Segundo un estudo sociolóxico elaborado ao longo de 2020 por Catchment para Ecoembes, o 82,3% dos entrevistados declara ter varios cubos, bolsas ou espazos nos seus fogares destinados a separar os residuos para a súa posterior reciclaxe, estando sempre un deles reservado para os envases do contedor amarelo. Esta boa práctica tradúcese en 38,9 millóns de españois que se declaran recicladores, practicamente 2 millóns máis que o ano anterior.

Entre os principais motivos polos que os entrevistados din separar os seus residuos, o 93,3% destaca porque “o considera importante, aínda que outros non o fagan”, mentres que o 75,4% di “facelo con orgullo”.

O informe reflicte que a separación de residuos é un hábito moi estendido en todas as franxas de idade, pero son os adultos de máis de 55 anos os que máis comprometidos se amosan coa reciclaxe seguíndoos moi de preto os de 35 e 54 anos. Os resultados do estudo tamén conclúen que os cidadáns identifican cada vez mellor a que contedor vai cada tipo de material.



Fonte e imaxe: Ecoembes

ESWET reafirma a importancia da valorización enerxética tras a publicación do paquete climático "Fit for 55"



Fonte e imaxe: Retema

Con motivo da publicación do paquete climático europeo "Fit for 55", ESWET - a asociación europea que representa aos provedores europeos de tecnoloxías de conversión de residuos en enerxía-, reafirmou o importante papel da valorización enerxética (Waste-to-Energy) na xestión dos residuos en Europa. Argumenta que esta práctica xa contribúe á descarbonización do sector, toda vez que desvía os refugallos non reciclables dos vertedoiros e recupera enerxía e materias primas secundarias.

Reducir o uso do vertedoiro significa, en primeiro lugar, reducir as emisións de metano, un gas que é ata 84 veces máis potente que o CO². Ademais, a recuperación de enerxía (electricidade, calor e vapor) e materias primas secundarias aforra recursos virxes e mellora o consumo de enerxía e materiais en Europa.

A mediados de xullo pasado, a Comisión Europea presentou o paquete "Fit for 55" composto por máis de 11 textos legislativos con medidas interrelacionadas e complementarias para alcanzar o obxectivo da UE que fixa nun 55% a redución neta de emisións para 2030. ●

A importancia da recuperación dos metais na economía circular

No camiño emprendido cara á economía circular na Unión Europea, os metais desempeñan un papel moi importante ao ser compostos que se poden recuperar e reutilizar nunha gran porcentaxe e reducen a demanda internacional de materias primas. De feito, reciclar metais representa unha actividade "sinxela" con grandes beneficios para o medio ambiente e a economía, supoñendo tamén un aforro de enerxía e de auga.

Entre os metais máis comúns destaca o aluminio (utilizado como latas de bebida ou para envases de alimentos) e o aceiro (que está presente principalmente nos electrodomésticos, cravos, automóviles antigos e tamén en latas ou mesmo en chatarra industrial).

Así mesmo, hai outros metais máis densos e complexos para o proceso de transformación como son cobre, bronce, chumbo e ouro, entre outros. ●



Fonte: Retema
Imaxe: Pexels

Pneumáticos usados convertidos en campos de fútbol

Durante o pasado ano, e tal e como se reflicte na súa Memoria de actividade 2020, SIGNUS xestionou 150.228 toneladas de pneumáticos fóra de uso, propiciando a súa transformación en novos produtos de utilidade para diferentes aplicacións.

Preto do 12% destinouse a preparación para a súa reutilización (pneumático de segundo uso ou recauchutado); o 35,2% someteuse a valorización enerxética; e o 52,8% restante reciclouse. De feito, 21.660 toneladas utilizáronse na instalación de preto de 215 campos de fútbol; 14.637 toneladas aproveitáronse na construción de aproximadamente 2.900 parques infantís; e 2.202 toneladas incorporáronse a 200 quilómetros de estradas.

O impacto da Covid a nivel mundial e a crise desencadeada por esta a nivel económico, ademais de sanitario, fixo que Europa coloque a sostiabilidade como un dos principais piares da recuperación económica. ●



Fonte e imaxe: SIGNUS

Os cidadáns europeos teñen “ambición climática”

A opinión pública de España e da Unión Europea apoia firmemente unha maior ambición climática, sobre todo nos obxectivos de redución de emisións. Así se desprende dunha enquisa difundida pola Federación Europea de Transporte e Medio Ambiente (T&E), na que se preguntou pola súa visión respecto das políticas climáticas a 13.324 adultos en Alemaña, Bélxica, Dinamarca, España, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Países Baixos, Polonia, Portugal e Romanía.

España aparece, xunto con Italia, á cabeza das aspiracións climáticas. O 79% dos españois pensa que se deberían incrementar os esforzos nacionais en materia climática fronte á media da UE, que representa un 68%. Na actualidade, a lexislación europea esixe ao noso país lograr unha redución do 26% nas súas emisións nos sectores do transporte e residencial para o ano 2030. ●



Fonte e imaxe: Gestores de Residuos

Impacto ambiental do comercio online

O aumento das compras online durante a pandemia amosa unha cara B negativa debido á elevada xeración de residuos. Segundo un novo informe encargado pola plataforma de envíos para comercio electrónico Sendcloud, máis da metade (52%) dos consumidores españois están preocupados polo impacto das compras en liña para o medio ambiente.

Non obstante, aínda que os consumidores son conscientes das negativas consecuencias das compras en liña para a contorna, non parecen especialmente motivados por contribuír ao benestar do planeta cando realizan un pedido en liña. Se ben oito de cada dez, o 82%, considera que o material de embalaxe debería ser totalmente reciclable, só o 41% estaría disposto a pagar máis por unha opción de entrega máis ecolóxica, se ben si consideran que as tendas en liña poderían reducir a súa pegada de carbono. ●



Receitario

Que ben sabe o outono!

A pratos quentiños de legumes e verduras de tempada, a mazás acabadas de coller para facer unha rica compota ou un pastel para a sobremesa,... Mil e unha posibilidades que nos ofrece a nosa cultura gastronómica para ir preparando o corpo para os días máis fríos.

No receitario editado polo Centro Penitenciario de Monterroso, "[Sabroso reciclaje](#)" tedes moitas máis ideas!

Se vos animades a cociñar algunha das propostas con sobras de comida que vos traemos neste número, compartide con nós fotos e preparacións en [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) ou etiquetádenos!

Crema de lentellas e ovo frito



Ingredientes reciclados:

- Lentellas sobrantas



Outros ingredientes:

- Nata líquida
- 1 ovo



Elaboración:

1. Pasar as lentellas sobrantas polo batedor cun pouco de nata líquida e poñer a cocer uns minutos, con coidado de que non se queime.
2. Mentres, fritir un ovo e colocar enriba da crema no momento de servir.



Receitario

Empanadiñas ratatoullie



Ingredientes reciclados:

- Arroz
- Verduras



Outros ingredientes:

- Aceite
- Pemento doce moído
- Auga
- Fariña de trigo
- Fermento (opcional)



Elaboración:

1. Picar moi finas as sobras de verdura e refogar nun pouco de aceite e pemento doce. Xuntar co arroz e deixar que se impregne do sabor.
2. Mentres, facer a masa de pan coa auga, a fariña, o fermento (opcional) e o sal. Tamén se pode empregar masa feita, á venda en calquera tenda de alimentación.
3. Estirar cun rolete e cortala en cadrados ou círculos. Colocar no centro o recheo e cerrar “enroscando” os bordes sobre si e despois selar coas pugas dun garfo.
4. Fritir, deixar reposar sobre papel absorbente para sacar o exceso de aceite e servir ben quentes.

Pastel de mazá



Ingredientes reciclados:

- Mazás pasadas



Outros ingredientes:

- Fariña
- Azucre e canela
- Clara de ovo
- Manteiga



Elaboración:

1. Pelar as mazas, picar en cadrados pequenos e mesturar coa manteiga a temperatura ambiente.
2. A continuación, engadir canela e azucre ao gusto e volver mesturar con coidado.
3. Bater as claras a punto de neve e incorporar moi ben con movementos lentos e envolventes.
4. Botar a mestura nun molde para forno previamente engraxado con manteiga e enfariñado.
5. Enfornar uns 30-40 minutos a 170º e sacalo do forno.
6. Esperar a que arrefría e servir adornado con merengue e uns cuarteiróns de melocotón.